



NORMAS DE USO DO LOCAL DE ENSAIO DE LUBRE NO CONCELLO DE ARES

OBXECTO:

As presentes normas teñen por obxecto establecer as condicións de uso das instalación e do material no local de ensaio de Lubre.

O local de ensaio de Lubre ten como obxectivo facilitar un espazo para o ensaio musical dos mozos e mozas do concello. O equipamento poderá acoller outras iniciativas de carácter musical como presentación, grabacións, etc. previa autorización da comisión que teña competencias en mocidade.

INSTALACIÓNS:

O local de ensaio de Lubre conta con sala de ensaio de 38,90 m2.

HORARIO:

O horario xeral do local de ensaio determinarase atendendo ás solicitudes presentadas, establecéndose como referencia o seguinte :

	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SABADOS	DOMINGOS /FESTIVOS
HORARIO	10:00- 22:00H	10:00- 22:00H	10:00- 22:00H	10:00- 22:00H	10:00- 22:00H	9:00- 23:00H	09:00- 22:00H
	VÉSPERAS DE FESTIVOS: 09:00-23:00H						

*Puntualmente este horario poderá variarse previo criterio da Comisión de valoración e seguimento

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Poderán presentar solicitudes para uso do citado local aquelas persoas individuais ou que, en representación dun colectivo musical con membros empadroados no Concello de Ares, precisen dun local para realizar os seus ensaios.

As solicitudes faranse en instancia formalizada (Anexo II) a recoller na OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil) sita na Rúa María Nº11 Edificio Alianza Aresana, o na páxina web do concello: www.concellodeares.com.

As solicitudes presentaranse no rexistro municipal.



As solicitudes de menores de 18 anos deberá vir acompañada da correspondente autorización do/a nai/pai /titor/a figurando para o concello, responsabeis ante calquera incidencia no posterior uso das instalación.

VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E CRITERIOS DE AUTORIZACIÓN DE USO:

Para a valoración das solicitudes e o seguimento do local, crearase unha comisión formada polo/a presidente/a ou persoa en quen delegue, que será o concelleiro/a da comisión de cultura/mocidade, un /unha representante usuarios do local e o funcionario municipal responsable da OMIX. A/o integrante da comisión de valoración e seguimento, que represente ás persoas usuarias do local, renovarase anualmente cun criterio rotatorio. Na comisión de cultura darase conta da xestión de altas, baixas e incidencias que se produzan.

CRITERIOS DE VALORACIÓN:

- A instalación acollerá preferentemente aos grupos do Concello de Ares (considerándose grupos do Concello de Ares, os que a partir do 75% dos/as seus componentes estean empadroados/as ou residentes en Ares).
- Valorarase de forma positiva aos grupos musicais con media de idade inferior aos 30 anos.

A Comisión de valoración e seguimento revisará trimestralmente os horarios e en caso de ser necesario, elaborarse novamente o calendario, en función das novas solicitudes e dos horarios dispoñíbeis. En caso de coincidencia horaria nas solicitudes procurarase o acordo entre os grupos implicados plantexando quendas rotativas. A citada comisión será a encargada de resolver os conflitos que puideran xurdir sobre a dispoñibilidade do local.

Na OMIX entregarase á persoa solicitante unha autorización do uso das instalación indicadas, na que figurará o nome do solicitante (anexos II e III), o seu número de documento de identidade, enderezo a efectos de notificación, a relación de membros que componen o grupo, días e horas nas que está autorizado ao uso dos locais e a sala a utilizar. Anexa á autorización figurará a copia das normas de uso do local.

ACCESO ÁS INSTALACIÓNS:

- Para ter acceso ás instalación no horario establecido, farase entrega á persoa representante do grupo dun xogo de chaves e dunha crave persoal de desactivación da alarma do local, previo depósito dunha fianza de 10 € que deberá ingresarse na conta designada polo concello antes da súa retirada (esta cantidade reembolsarase no momento no que os usuarios que renuncien ou non renoven a súa autorización o soliciten e entreguen a chave entregada en perfecto estado). Cada representante disporá dunha crave diferente de desactivación quedando rexistrados os diferentes accesos que se produzan. É obriga de cada representante a custodia das chaves e a no transmisión da crave de acceso. De producirse algún incidente, fora dos horarios



asignados, será responsabilidade absoluta do representante do grupo que teña a crave entregada.

- Antes do inicio de cada sesión de ensaio, e ao seu remate, comprobarase o estado do local e do material, notificando calquera desperfecto ou incidencia mediante un parte de incidencias. O parte debidamente cuberto será entregado no concello e a policía local na maior brevedade posible.
- O Concello de Ares faise cargo dunha limpeza periódica das instalacións así como do mantemento técnico dos materiais, sempre que as avarías ou incidencias non se orixinasen por un mal uso dos grupos/persoas autorizadas (neste caso, os usuarios que as provocaron deberán facerse cargo das reparacións necesarias).
- Só poderán acceder ao local as/os membros dos grupos autorizados, prohibíndose o acceso ás persoas alleas. Con carácter puntual e previa notificación e xustificación autorizarase ou non o acceso doutras persoas pola comisión de valoración.
- Queda terminantemente prohibido o acceso ao local fóra dos horarios autorizados a cada persoa/grupo.

OBRIGAS DOS USUARIOS DO LOCAIS:

O/a usuario/a, terá as seguintes obrigas:

- Respetar os horarios e as salas asignadas.
- Cubrir o parte de asistencia e, no caso de ser necesario, o de incidencias.
- Cada solicitante é responsable da limpeza básica das instalacións que se lle autoricen a usar, debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada, retirando os residuos xerados. Non se permite fumar, consumir bebidas alcohólicas ou comer no local de ensaio.
- En caso de non utilizar o local en catro ocasións consecutivas ou en seis ocasións nun trimestre sen xustificación, procederase a baixa do uso desta instalación.
- Unha vez rematado o ensaio, o local e o material debe quedar recollido para o seu uso polo seguinte grupo. Prégase que se extreme o coidado na manipulación do material e do cabreado, e, **quedando todo desconectado da rede eléctrica.**
- No caso de producirse danos por negligencia ou mala fe, o grupo, de que se trata a través do seu representante, deberá reponer íntegramente o danado ou aboar o importe íntegro da súa reposición.
- Asistir ás xuntanzas de coordinación e de seguimento periódico que se convoquen dende a concellaría de mocidade.
- Se o concello o considera oportuno, poderá promover a actuación gratuíta dun ou varios grupos usuarios do local de ensaio.



INCUMPRIMENTOS:

O incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento dará lugar á perda do dereito ao uso e desfrute das instalacións e materiais indicados nos artigos anteriores durante un período dun ano. Sen prexuízo doutras responsabilidades a que dea lugar a normativa vixente.

A responsabilidade polo incumprimento destas normas de uso será solidaria, polo que se algún/alguna integrante dun grupo as incumpre dará lugar a perda do dereito e desfrute do local de todo o grupo e para calquera outro do que forme parte.

PUBLICIDADE E DIFUSION:

Este regulamento será exposto no local de ensaio, así como no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web e a OMIX. O que se fai público para xeral coñecemento e efectos poñendo de manifestó que contra o citado regulamento poderá interponer o recurso contencioso-administrativo a partir da súa publicación, nos termos expresados na lexislación reguladora da dita xurisdición.

ARES, __ DE _____ DE _____



ANEXO I

EQUIPAMENTO DO LOCAL DE ENSAIO DE LUBRE (ARES)

- **BATERIA: DW PDP Stage Z5 Series**
 - Color negro con hardware e pratos. Fabricado en madeira dura e envolto nun acabado laminado duradeiro. Conten un Hi-Hat de 14 "- Crash de 16" - Ride de 20 "e banqueta. El kit incluye Tom Toms de 10x08" y 12x09 ", Tom de piso de 16x14", 22x18 " e caixa de 5x14"
- **2 AMPLIFICADORES DE GUITARRA: Fender Mustang III V.2**
 - Electric Guitar Combo - 100W, 1x 12" Celestion G12T-100 Speaker
- **AMPLIFICADOR DE BAIXO: Harley Benton HB-300B**
 - bass combo, 300 watts (4 ohms), 15" Celestion speaker (8 ohms) + horn, 145 watts @ 8 ohms
- **EQUIPO DE VOCES, TECLADO: Behringer PMP 2000**
 - Compuesto por un amplificador Behringer PMP 2000 powered mixer, dos the sssnake SLL21510 professional speaker cable, dos cajas The Box PA15 ECO MKII, full-range passive speaker, 15"
- **3 MICROFONOS: Sennheiser E825 S**
 - Con 3 cables the sssnake SM10BK Microphone XLR, 3 pes de micro Millenium MS-2005

Revisión anual do material, substituíndo o deteriorado polo uso: pratos e parches da batería, soportes, cableado, micrófonos, etc



ANEXO II

SOLICITUDE DO USO DO LOCAL DE ENSAIO DE LUBRE (ARES)

NOME DO GRUPO:	
Apelidos e nome do solicitante:	DNI:
Apelidos e nome do representante:	DNI:
Enderezo:	
CP e localidade:	
Teléfono fixo:	
Teléfono móvil:	
Enderezo electrónico:	

Solicita o uso das instalación e do equipamento do local de ensaio de Lubre, facéndose responsable en representación do grupo citado da conservación das instalación e materiais, así como dos danos que se produzan no mesmo, de acordo coas normas de uso deste servizo aprobadas polo Concello de Ares e das que se lle entregará copia no momento de concesión da autorización.

Ares,.....de.....de 201....

Asdo.:

SR. ALCALDE –PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)



DATOS DO GRUPO:

Apelidos, nome e número de documento de identidade de contacto dos/as membros do grupo:

APELIDOS E NOME	LOCALIDADE	NÚMERO DE DNI

Estilo musical:

Pop Folk Rock Rap Clásico

Folclórica Outros Cal: _____

Días de uso preferente:
Horas de uso preferente:
Equipamento que van levar:

De conformidade co disposto na LO 15/1999 de Datos de Carácter persoal, informámoslle que os datos de carácter persoal recollidos neste documento forman parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Ares, cuxa finalidade é a xestión dos seus datos para o correcto funcionamento da mesma. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, según o disposto na lei.



ANEXO III

Ares,de.....201.....

Autorízase ao uso das instalacións correspondentes ao local de ensaio de Lubre a:

-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-

Todos eles pertencentes ao grupo.....

A presente autorización ten unha vixencia dun ano; pasado este tempo, os/as membros do grupo deberán renovar a mesma na Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) situada a Rúa María Nº11 Edificio Alianza Aresana CP.15624 de Ares (A Coruña).

Faisélle entrega ao titular/representante das normas de uso da instalación.

Asinado:



ANEXO IV

PARTE DE INCIDENCIAS

LOCAL DE ENSAIO DE LUBRE (ARES)

APELIDOS E NOME:
NOME DO GRUPO:
DESCRIPCIÓN DA INCIDENCIA:

Ares, de de 201

Asinado: